

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 5 de xullo de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 05/07/2017.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 05/07/2017.
- III. Guías docentes. Curso 2017-18:
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía.
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
 - Mestrado en Xeoinformática.
- IV. Informes de Orientación ao Estudantado:
 - Informe Final de Avaliación do PAT 2016-17.
 - Plan de Acción Titorial.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada o 20 de xuño de 2017.

Enviouse por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola. Unha vez aprobada será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 20 de xuño de 2017.

2. Informe da Directora

A Directora informa:

- O 30 de xuño celebrouse a segunda sesión informativa sobre o Master en Enxeñaría de Minas dirixida aos estudantes de 3º e 4º curso dos Graos. A sesión foi presentada pola coordinadora do master Elena Alonso.
- O 3 de xullo iniciouse a recollida de datos para a valoración das actividades, informes e indicadores do profesorado do curso 2015-2016. O acceso é a través de Secretaría Virtual no ítem “Valoración da Actividade Docente / Introducción de méritos programa DOCENTIA”. A aplicación pecharase automaticamente o 11 de agosto de 2017.
- O 15 de xuño levouse a cabo a execución da RPT do PAS laboral dos centros.
- O 26 de xuño publicouse no DOG a Resolución pola que se resolve o concurso de méritos de persoal funcionario de administración e servizos. Na mesma se dispoñía o 27 de xuño como data de cese do persoal actual e se estableceu un prazo de 3 días hábiles para a toma de posesión nos destinos adxudicados, en consecuencia os novos equipos de traballo se formaron este luns 3 de xullo.

CENTROS TECNOLÓXICOS: ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL, ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA E ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN						
E. DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN - E. DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA						
33400 PL3070 1	T.E. DE SERVIZOS XERAIS	1	III	M	0	GARCÍA RAMOS, Miguel Ángel
33400 PL4030 1	A.T. DE SERVIZOS XERAIS					ALONSO ALONSO, Mercedes
33400 PL4030 2	A.T. DE SERVIZOS XERAIS	3	IV	M	1	MONTOYA TORRECILLA, Dolores
33400 PL4030 3	A.T. DE SERVIZOS XERAIS					GARCÍA CAUREL, Jesús
33400 PL4030 4	A.T. DE SERVIZOS XERAIS					SANTOS GARCÍA, María Mercedes
33400 PL4030 5	A.T. DE SERVIZOS XERAIS	3	IV	T	1	ALVAREZ SÁNCHEZ, Manuel Ángel
33400 PL4030 6	A.T. DE SERVIZOS XERAIS					MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, Arturo

ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA E ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN	
ÁREA ACADÉMICA	
XEFE/A DA ÁREA DE ESTUDOS DE GRAO	CORTIÑAS IGLESIAS, ROSA MARÍA
XEFE/A DA ÁREA DE ESTUDOS DE MESTRADO E DOUTORAMENTO	FERNÁNDEZ CID, JULIO
XEFE/A DO NEGOCIADO DE ESTUDOS DE GRAO	MARCOTE PEREIRA, M ^a MAYTE
XEFE/A DO NEGOCIADO DE ESTUDOS DE MESTRADO E DOUTORAMENTO	MARTÍNEZ MARTÍN, M ^a JOSÉ
ÁREA DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, Á TRANSFERENCIA e Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS	
XEFE/A DA ÁREA DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E Á TRANSFERENCIA E Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS	ARCE ARAMENDI, IGNACIO
XEFE/A DO NEGOCIADO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E Á TRANSFERENCIA	CASTRO OTERO, MIGUEL ÁNGEL
XEFE/A DO NEGOCIADO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E Á TRANSFERENCIA	MARÍN SANMARTÍN, M ^a LUISA
XEFE/A DO NEGOCIADO DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS	GONZÁLEZ MIGUÉLEZ, SERAFINA
XEFE/A DO NEGOCIADO DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS	CONDE CASAS, M ^a PILAR
XEFE/A DO NEGOCIADO DE ASUNTOS XERAIS – E.E. TELECOMUNICACIÓN	FERNÁNDEZ URÍA, M ^a ISABEL
XEFE/A DO NEGOCIADO DE ASUNTOS XERAIS – EME	ROMO PÉREZ, MARÍA DEL CARMEN
ÁREA ECONÓMICA	
XEFE/A DA ÁREA	MÁRQUEZ NORES, ROSA M ^a
XEFE/A DO NEGOCIADO	DE PASCUAL SERRANO, MÓNICA
XEFE/A DO NEGOCIADO	VALEBONA REFOJOS, MANUEL

3. Aprobación, se procede, das guías docentes dos títulos da escola para o curso académico 2017-2018.

Enviáronse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola (Anexo III) as guías docentes dos graos. As guías están redactadas en galego e en castelán. Aquelas materias que no próximo curso ofertan docencia en inglés están tamén redactadas neste idioma, a excepción das competencias e resultados de aprendizaxe que foron enviados a un tradutor. A Comisión de Garantía Interna de Calidade da EME aprobou, na súa reunión

celebrada o pasado 3 de xullo, as guías en castelán e en galego das materias de grao a excepción da correspondente á materia de “Tecnoloxía ambiental”, común aos dous graos de ERME e EE, que está pendente de modificacións.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes en castelán e en galego das materias de grao a excepción da correspondente á materia de “Tecnoloxía ambiental”. Queda posposta a aprobación das guías en inglés ata que estean completas.

A continuación revísanse as guías das materias do Mestrado en Xeoinformática que son impartidas na UVigo (Anexo III). Por ser a Universidade de Vigo a coordinadora deste mestrado interuniversitario, correspondería aprobar, se procede, as materias que se imparten na Universidade de A Coruña. Non se dispón das guías de todas as materias debido a que os prazos de elaboración son distintos para cada universidade. A dirección propón adiar a aprobación das guías das materias da UdC para unha próxima Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías das materias do Mestrado en Xeoinformática que son impartidas na UVigo.

4. Aprobación, se procede, do informe do Plan de Acción Titorial do curso 2016-2017.

Enviouse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola (Anexo IV) e foi aprobado pola CGIC na súa reunión celebrada o pasado 3 de xullo.

O Informe Final de Avaliación do PAT 2016-17 recolle todas as actividades e reunións relacionadas tanto co PAT como co MEET-Minas ao longo do curso 2016-17. Estas actividades e reunións leváronse a cabo cos alumnos de grao e mestrado. Recóllense tamén resultados de enquisas elaboradas polo alumnado do centro e referentes ao grao de dificultade das materias.

O profesor don Eduardo Liz Marzán sinala que nalgúns apartados os nomes das materias foron substituídos por xes e solicita que sexa redactado doutra forma.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o informe do Plan de Acción Titorial do curso 2016-2017.

5. Aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial.

Enviouse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola (Anexo IV) e foi aprobado pola CGIC na súa reunión celebrada o pasado 3 de xullo.

A programación do Plan de Acción Titorial, redactouse de tal xeito que poda ter carácter indefinido. Neste texto recóllense tanto a programación do PAT para todas as titulacións do centro, como a relativa ao programa MEET-Minas, específica para os alumnos de primeiro curso dos graos.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Plan de Acción Tutorial.

6. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai asuntos que tratar.

7. Rogos e preguntas.

A profesora dona Marta Cabeza Simó pregunta se hai algún cambio no posto de xefe de laboratorios informáticos e cales son as tarefas que ten asignadas. A dirección infórmalle de quen houbo cambios no posto e que a súa responsabilidade é a xestión dos laboratorios informáticos do ámbito tecnolóxico.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 25 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a cinco de xullo de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Directora

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 05/07/2017

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 05/07/2017

ANEXO III

Guías docentes. Curso 2017-18:

- **Grao en Enxeñaría da Enerxía.**
- **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.**
 - **Mestrado en Xeoinformática.**

ANEXO IV

Informes de Orientación ao Estudantado:

- **Informe Final de Avaliación do PAT 2016-17.**
 - **Plan de Acción Titorial.**